

GRAO EN SOCIOLOXÍA  
TRABALLO DE FIN DE GRAO  
CURSO ACADÉMICO 2021/2022  
CONVOCATORIA XUÑO

ESTAMOS SEGURES? UNHA EXPLORACIÓN DO CONCEPTO DE ESPAZO SEGURO  
LGBTIQ DENDE OS ACTIVISMOS GALEGOS

ESTAMOS SEGURES? UNA EXPLORACIÓN DEL CONCEPTO DE ESPACIO SEGURO  
LGBTIQ DESDE LOS ACTIVISMOS GALLEGOS

ARE WE (SURE WE ARE) SAFE? AN EXPLORATION OF LGBTIQ SAFE SPACE  
FROM THE GALICIAN ACTIVISMS PERSPECTIVE

MARTÍN VÁZQUEZ AÑEL  
DIRIXIDO POR BELÉN FERNÁNDEZ SUÁREZ

## **ÍNDICE.**

<b>RESUMO</b>	2
<b>INTRODUCCIÓN</b>	3
Obxectivos da investigación	4
<b>BASE TEÓRICA</b>	6
Delitos de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero. A resposta institucional ante as violencias contra as persoas LGBTIQ	6
Medo e percepción de seguridade das persoas LGBTIQ fronte as violencias contra a diversidade afectivo sexual	7
Espazos seguros LGBTIQ. Unha resposta alternativa dende os activismos e os movementos sociais	8
<b>METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN</b>	11
A investigación-acción participativa como aproximación metodolóxica	11
O “Café do Mundo” como técnica de investigación	13
Fontes a empregar	14
Deseño das ferramentas de investigación	15
Desenvolvemento do traballo de campo	16
<b>APLICACIÓN PRÁCTICA</b>	20
<b>CONCLUSIONES</b>	24
<b>REFLEXIÓNS SOBRE O PROPIO PROCESO DE INVESTIGACIÓN</b>	26
<b>BIBLIOGRAFÍA</b>	28
<b>ANEXOS</b>	32

## 1. RESUMO.

[GAL] Cales son os requisitos que debe cumprir un espazo para ser entendido como seguro por parte dos activismos LGBTIQ galegos? Que tipo de interaccións son as desexables neste contexto? E cales son as oportunidades que ofrecen ás disidencias sexuais e de xénero? Coa súa orixe nun obradoiro de indagación colectiva de carácter militante, e no contexto dun aumento dos delitos de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero, esta investigación supón unha exploración do concepto de espazo seguro LGBTIQ para os activismos galegos. Coa innovación metodolóxica que supón o desenvolvemento dun Café do Mundo como técnica no marco dun deseño de investigación-acción participativo, este traballo aposta pola apertura de procesos de reflexión grupal sobre este tema. A principal achega deste traballo é contribuír a facer dese ideal difuso un concepto operativo, favorecendo a transformación dos espazos militantes en lugares realmente inclusivos coa diversidade ao tempo que abertos ao erro e á crítica.

**PALABRAS CHAVE:** espazo seguro, LGBTIQ, activismo, investigación-acción, participación, Café do Mundo.

[CAS] ¿Cuáles son los requisitos que debe cumplir un espacio para ser entendido como seguro por parte de los activismos LGBTIQ gallegos? ¿Qué tipo de interacciones son deseables en este contexto? ¿Y cuáles son las oportunidades que ofrecen a las disidencias sexuales y de género? Con origen en un taller de indagación colectiva de carácter militante, y en el contexto de un aumento de los delitos de odio por orientación sexual y/o identidad de género, esta investigación supone una exploración del concepto de espacio seguro LGBTIQ para los activismos gallegos. Con la innovación metodológica que supone el desarrollo de un Café del Mundo como herramienta de investigación en el marco de un diseño de investigación-acción participativo, este trabajo apuesta por la apertura de procesos de reflexión grupal sobre este tema. La principal aportación de este trabajo es contribuir a hacer de ese ideal difuso un concepto operativo, favoreciendo la transformación de los espacios militantes en lugares realmente inclusivos con la diversidad al mismo tiempo que abiertos al error y la crítica.

**PALABRAS CLAVE:** espacio seguro, LGBTIQ, activismo, investigación-acción, participación, Café del Mundo.

[ENG] What are the requirements for a space to be considered safe by the Galician LGBTIQ activisms? What type of interactions are desirable within its framework? And what opportunities are offered for dissident sexualities and genders? Originated from a collective inquiry workshop with an activist nature, and in the context of increasing hate crimes based on sexual orientation and gender identity, this research explores the concept of the LGBTIQ safe space from the Galician activisms perspective. With the innovative development of a World Cafe as a research tool within the framework of a participatory action research design, this study advocates opening group reflection processes on this matter. Beyond the scope of this paper, this study seeks to contribute to make an operative concept out of that vague ideal, boosting the transformation of the activism spaces into spaces that are truly inclusive of diversity while open to error and criticism.

**KEY WORDS:** safe space, LGBTIQ, activism, action research, participation, World Cafe.

## 2. INTRODUCCIÓN.

Ao longo das últimas décadas, tanto dende os feminismos como dende os diversos activismos LGBTIQ (lesbianas, gais, bisexuais, trans\*, intersexuais e queer), a preocupación por non reproducir as violencias machistas nos propios espazos militantes ven sendo unha constante, derivando na creación de “espazos seguros”, concepto asociado cunha serie de discursos e prácticas orientados a protexer aos colectivos minorizados de agresións e outras formas de violencia. Esta cuestión foi recentemente incorporada ao deseño das políticas públicas e ás estratexias de entidades privadas, desenvolvendo programas dirixidos á creación de espazos libres de violencias machistas, aulas libres de homofobia ou empresas amigas da diversidade LGBTIQ, entre outros exemplos.

No ámbito galego, campañas de alcance autonómico como “En Negro Contra as Violencias” (Concello de Santiago de Compostela), programas como o “Pacto por unha cidade libre de violencias machistas” (Concello da Coruña), ou a posta en marcha de espazos de atención ás persoas LGBTIQ como o “Espazo Diverso” (Concello da Coruña) ou o “Punto LGBT” (Concello de Pontevedra) son soamente unha mostra de como o ámbito institucional ten recollido esta demanda de sensibilización, prevención e intervención ante as violencias machistas nun sentido amplo. Tamén é destacable a creación en 2018 do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero.

En paralelo, existe unha percepción compartida sobre o incremento nos últimos anos das agresións cara as persoas LGBTIQ, posiblemente propiciado pola aparición e normalización de certos discursos de odio e contra a igualdade de xénero e a diversidade afectivo sexual, normalizados por colectivos e partidos políticos de ideoloxía conservadora. Así, neste contexto polarizado emerxe como unha prioridade obter respostas concretas ás demandas e necesidades expresadas polo conxunto da sociedade, e en concreto, polos activismos LGBTIQ, relacionadas coa eliminación de todo tipo de violencias contra a diversidade afectivo sexual.

E ante estas demandas desprégase unha diversidade de solucións, que ben son articuladas dende o normativo e o punitivo no marco da intervención policial e da xustiza fronte aos delitos de odio, ou ben son propostas de espazos seguros, de solidariedade e apoio mutuo, promovidas polos activismos LGBTIQ.

Neste contexto, e tanto sobre os traballos académicos previos elaborados dende as xeografías feministas, como dende a longa xenealoxía e procesos de reflexión dende espazos activistas e comunitarios, a presente investigación exploratoria parte da vontade de dar resposta á seguinte pregunta: De que xeito a necesidade de seguridade manifestada polas persoas LGBTIQ se traduce nunha diversidade de intentos de creación de espazos seguros? E de que xeito estes espazos incorporan garantías de non discriminación e o rexeitamento expreso das diferentes formas de violencia LGBTIQfóbica?

Tras esta vontade hai unha motivación persoal do autor da investigación, relacionada coa súa participación ao longo dos anos en colectivos activistas LGBTIQ, nos que a preocupación pola creación de espazos de benvida e hospitalidade sempre foi relevante. En concreto, o xermolo desta idea foi o desenvolvemento do obradoiro de mapeo queer “Movendo os

marcos”, celebrado en agosto de 2019 no marco do Festival Reina Loba (Os Blancos, Ourense).

Este espazo de festa organizado polo colectivo de artistas e deseñadoras Espacio Matrioska xerou, tras varias edicións, a demanda de mellorar os seus protocolos de intervención ante conflitos relacionados con potenciais situacións de discriminación e violencia.

A proposta deste obradoiro incorporouse na programación do festival co obxectivo de poñelo en valor como un espazo de construción colectiva innovador, alternativo, autoxestionado, crítico e diverso, e no que a reflexión e a mellora continua da inclusión da diversidade estaba permanentemente na mesa.

Fronte a unha repetición incesante do termo “espazo seguro” dende diferentes institucións e entidades, baleirando de contido transformador a súa tremenda potencia política, a aposta daquela sesión de traballo pasaba por xerar un lugar de encontro dende o que botar a andar a intelixencia colectiva para dar unha resposta concreta á necesidade de seguridade e inclusión vivida e expresada por moitas persoas LGBTIQ. E así o fixo, xerando unha sorte de decálogo, suficientemente bo, mais incompleto; unha relación de condicións para a creación de espazos seguros LGBTIQ, a empregar como base para a implantación de ferramentas concretas de prevención e xestión de conflitos en sucesivas edicións do festival.

En todo caso, o deseño desta experiencia e o seu propio desenvolvemento metodolóxico, aínda que válido e de moita utilidade para o traballo grupal nun contexto comunitario, non contou co formato e rigor necesario para poder extraer conclusións significativas sobre os procesos de creación de espazos seguros. De aí este traballo, que enlaza e continúa esa motivación persoal activista, ao tempo que procura darlle continuidade, marco, enfoque e rigor académico.

#### **.- Obxectivos da investigación:**

Tal e como se presenta na introdución previa, o obxectivo xeral deste traballo é **explorar as características e potencialidades dos espazos seguros LGBTIQ dende a perspectiva dos activismos galegos**. A explícita motivación activista desta investigación, e o desexo de darlle continuidade máis aló dos límites deste traballo académico, xera unha serie de obxectivos específicos, diferenciados a continuación como obxectivos de contidos e obxectivos activistas:

#### **.- Obxectivos de contidos:**

1. Afondar na literatura académica existente arredor da idea de seguridade para as persoas LGBTIQ dende diferentes perspectivas, recoñecendo as achegas das xeografías e dos activismos feministas e queer.
2. Recoñecer a diversidade de violencias vividas polas persoas LGBTIQ nos seus espazos de socialización, lecer, activistas, etc., dende unha perspectiva interseccional.
3. Indagar nos procesos de creación e nos modelos de xestión dos denominados espazos seguros, como parte da diversidade de respostas á demanda de seguridade expresada polas persoas LGBTIQ na Galiza.
4. Definir os espazos seguros e libres de violencias LGBTIQfóbicas no contexto galego.

5. Consolidar a investigación-acción participativa (en adiante IAP) como un deseño metodolóxico axeitado e rigoroso.
6. Aproximar unha proposta de dimensións de análise e avaliación dos espazos seguros LGBTIQ.

.- Obxectivos de impacto:

7. Diseñar e poñer a proba unha metodoloxía participativa replicable en contextos activistas para a autodiagnose dos seus espazos e prácticas seguras.
8. Facilitar a apertura de espazos de reflexión e análise sobre a necesidade de espazos seguros para as disidencias sexuais e de xénero.
9. Favorecer a incorporación da necesidade de creación e avaliación de espazos seguros na axenda actual dos activismos LGBTIQ galegos.

### **3. BASE TEÓRICA.**

#### **a. Delitos de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero. A resposta institucional ante as violencias contra as persoas LGBTIQ.**

A noite do 3 de xullo de 2021 Samuel Luiz foi asasinado nas rúas da Coruña entre berros de “maricón”, xerando unha vaga de respostas institucionais e cidadás, tanto nas rúas como nas redes sociais, inéditas neste sentido. Este gravísimo caso de violencia LGBTIQfóbica pasou así a formar parte da porción máis visible dun iceberg baixo a que se atopan numerosos casos de agresións na súa vida cotiá a persoas con expresións de xénero, identidades sexuais e/ou orientacións sexuais non normativas, manifestadas no concreto como agresións físicas e verbais, ameazas, abusos, etc., pero tamén na forma máis sutil de desprezos, exclusión, invisibilización, etc.

Poderíase intuír que sobre esta realidade existen dous discursos enfrontados: o que, ante a percepción dun incremento das agresións cara as persoas LGBTIQ, acompañada e/ou motivada por unha maior atención a estes casos polos medios de comunicación, reclama con urxencia respostas políticas e medidas concretas dirixidas á eliminación de todo tipo de violencias contra a diversidade afectivo sexual; fronte a outro discurso emerxente nos últimos anos contra as políticas de inclusión da diversidade afectivo sexual, colocado no debate público por colectivos e partidos políticos de ideoloxía conservadora.

Dende esta relación coa inseguridade e o medo ante as diferentes expresións da LGBTIQfobia, moitas son as persoas e colectivos que colocan como unha prioridade a intervención institucional no marco da actuación policial e da xustiza, que responde dende hai algo máis dunha década coa análise, rexistro e investigación dos chamados delitos de odio.

Moito se ten avanzado dende o recoñecemento por primeira vez en 1995 da homofobia como agravante dun delito no Código Penal español. O delito de odio, concepto amplo aprobado no Consello Ministerial da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (en adiante OSCE) en 2003, definíase como toda infracción penal, tanto as cometidas contra as persoas como contra as propiedades, elixidas pola súa conexión ou pertenza, real ou percibida, a un grupo. Os membros deste grupo deberían compartir unha característica común, ben sexa a raza, a orixe nacional ou étnica, a lingua, a relixión, a discapacidade, a orientación sexual ou identidade de xénero, etc. (OSCE, 2003). Ademais, para que un incidente sexa efectivamente recoñecido como delito de odio debe darse tamén a motivación de odio por parte do vitimario (Ministerio de Emprego e Seguridade Social, 2017, p.62).

As infraccións penais así conceptualizadas caracterízanse segundo Browne, Bakshi e Lim (2011, p.741) porque o concepto de delito de odio permitiría ás persoas e colectivos LGBTIQ visibilizar e reclamar a intervención da xustiza dunha forma específica no marco dos límites do que é recoñecible e denunciado como delito de odio. No contexto do Estado español, o percorrido histórico deste concepto comeza coa elaboración no ano 2013 do primeiro documento específico sobre delitos de odio elaborado polo Ministerio de Interior, que rexistraba para aquel ano 1172 delitos, 452 motivados pola orientación sexual ou identidade de xénero da vítima (44 na Galiza) o que convertía a este grupo no primeiro en peso relativo respecto ao total (38%).

Revisando os últimos informes publicados correspondentes aos anos 2019 e 2020, é posible comprobar como ese peso relativo reduciuse no final da pasada década, xa que dos 1706 feitos cometidos en 2019, eran 278 (un 16%, 12 na Galiza) os rexistrados como motivados coa orientación sexual e a identidade de xénero, e dos 1404 cometidos en 2020, 277 compartiron esa motivación (un 19%, 5 deles na Galiza). Cómpre ter en consideracións as limitacións dos datos correspondentes ao 2020, así como a súa análise, debida conta do impacto do período de confinamento e as restricións de mobilidade existentes durante boa parte do ano debido á medidas sanitarias para a contención da COVID-19.

O relevante dunha primeira revisión destes datos é que parece que non se corresponden coa percepción vixente respecto ao aumento das agresións a persoas LGBTIQ no noso Estado, do que se podería concluír que non son un indicador axeitado para cuantificar a problemática das violencias e a vivencia de medo e inseguridade experimentada polas persoas LGBTIQ.

Neste sentido, xa o propio Informe de 2019 recoñecía un importante nesgo de non denuncia, apoiado polos datos da Axencia Europea de Dereitos Fundamentais (FRA), que estimaba para ese ano a infradenuncia nun 80% (Ministerio do Interior, 2019). Esta realidade foi así explorada con máis detalle nunha enquisa sobre delitos de odio realizada en xuño de 2021, na que se expón que para o caso concreto das persoas vítimas de delitos de odio motivados pola orientación sexual ou a identidade de xénero nos últimos 5 anos, o 87% non interpuxo denuncia debido en moitos casos á desconfianza no propio sistema ou á reacción das propias Forzas e Corpos de seguridade do Estado (Ministerio do Interior, 2021).

Constatar, tras esta revisión, que o feito de reducir ás respostas institucionais ante as violencias experimentadas polas persoas LGBTIQ a propia conceptualización dos delitos de odio ou a outras cuestións asociadas ao sistema policial e de xustiza, presenta, de entrada, importantes limitacións para o obxecto deste traballo.

En primeiro lugar pola dificultade de obter unha visión máis ampla da realidade destas violencias debido ao peso da infradenuncia. En segundo lugar porque este tipo de enfoque da realidade e de rexistro da mesma pode resultar problemático, xa que está a considerar ás persoas LGBTIQ como un colectivo homoxéneo cando, por exemplo, as propias persoas LGBTIQ tamén exercen violencia (bifobia, transfobia, etc.) unhas contra as outras (Browne et al, 2011, p.742). E por último porque dende un enfoque interseccional, tamén hai persoas dentro do colectivo LGBTIQ que experimentan estas violencias con menor ou maior intensidade segundo outras variables como a raza, a situación administrativa, o xénero, a clase, etc. (Michaelson, 2008).

#### **b. Medo e percepción de seguridade das persoas LGBTIQ fronte as violencias contra a diversidade afectivo sexual.**

Aínda que diferentes enfoques teóricos teñen presentado a diversidade de violencias como algo omnipresente na sociedade, non son percibidas normalmente como algo co que relacionarse de forma cotiá, senón como unha sorte de representación á que asistir puntualmente (Tyner, 2012, p.12). Por outro lado, a inseguridade e a percepción do medo son considerados como un reflexo das desigualdades de poder en base ao xénero; isto é, relacionadas máis coa violencia estrutural sistémica que con agresións concretas (The Roestone Collective, 2014, p.1349).



Así, o medo non estaría relacionado tan directamente coa realidade de agresións concretas expresadas nunha estatística de delitos de odio, senón co grao de control percibido polas persoas sobre as súas propias vidas (Koskela, 1997, p.304). O medo aparecería entón frecuentemente ligado a sensacións de incerteza, desamparo e vulnerabilidade, probablemente máis presentes nas vidas das persoas pertencentes a colectivos minorizados. Neste sentido, podería deducirse que aqueles colectivos expostos a maiores niveis de opresión son aqueles que viven cunha maior sensación de medo.

Esas sensacións experimentadas polas persoas LGBTIQ na nosa sociedade poderían relacionarse coa noción de seguridade ontolóxica de Giddens (1991), conceptualizada como unha dimensión xeral existencial do mundo social cun gran compoñente emocional. A súa visión de todas as persoas como seres desvalidos, incapaces de escapar de certa inseguridade, na procura de protección a través das representantes próximas da sociedade (Giddens, 1991, p.125) podería relacionarse coa necesidade de conexión e creación de espazos comunitarios obxecto desta investigación. Por outro lado, esta seguridade ontolóxica precisa de certo grao de auto-identidade, dunha concepción de si mesma segura ante as demais persoas, á vez que moi conectada coa culpa e coa vergoña, co pretender ser (Callejo, 2016, p.386), produto dunha incongruencia entre a vivencia persoal da identidade e a presentación cara a sociedade tamén moi presente en certos momentos das vidas das persoas LGBTIQ.

Esta percepción de inseguridade, e a demanda expresa de espazos seguros produto da mesma, tamén pode relacionarse aquí co concepto de estrés de minorías, acuñado por Meyer (1995) co que fai referencia ás situacións de estrés crónico experimentadas por persoas con status de minoría, que, para o caso concreto dos homes gais, son o resultado de vivir nunha sociedade dominada por normas sociais e institucións heterosexuais (p.38). Estas normas e institucións propias do sistema cisheteropatriarcal son reproducidas e mantidas grazas ás violencias LGBTIQfóbicas, como mecanismos cotiás de censura e disciplinamento daquelas identidades, expresións de xénero e orientacións do desexo non normativas, principalmente das mulleres e das persoas LGBTIQ. Non é en absoluto causal que a meirande parte dos delitos de odio motivados por orientación sexual ou identidade de xénero sexan cometidos por homes (91%), xa que estas violencias atópanse directamente relacionadas coa construción da masculinidade como unha categoría relacional, ante e para outros homes, contra a feminidade (Bourdieu, 2000, p.67) e a homosexualidade (Kaufman, 1989, p.50).

### **c. Espazos seguros LGBTIQ. Unha resposta alternativa dende os activismos e os movementos sociais.**

É importante lembrar que todos os espazos físicos de encontro e relación, así como tamén os virtuais, están construídos sobre unha estrutura social androcéntrica, misóxina e LGBTIQfóbica, que descansa no mandato da heterosexualidade obrigatoria (Wittig, 2006), mandato absolutamente normalizado, incluso naturalizado, e constantemente reproducido. Esta estrutura posibilita un modelo de organización social e de reparto do poder desigual que privilexia unha serie de identidades, expresións e orientacións do desexo por riba de outras, discriminando a todas aquelas persoas cuxa identidade de xénero non coincida co xénero asignado no nacemento, que non se axusten ao binario home-muller e/ou que non sexan heterosexuais.

Tal e como se revisaba no segundo dos apartados deste capítulo, isto pode traducirse nunha case permanente sensación de inseguridade que remata por demandar protección fronte as violencias LGBTIQfóbicas, demanda frecuentemente moi centrada na intervención policial baixo o marco dos delitos de odio, moi relacionada por outro lado coa construción dun imaxinario da seguridade clasista, patriarcal, heteronormativo e racializado (Stengel, 2010, p.524). Autoras como Browne et al. (2011) avogan por superar este concepto de intervención dos delitos de odio coa creación de respostas comunitarias que recoñezan a diversidade de formas nas que as persoas LGBTIQ experimentan a violencia (p.753). Unha desas posibles respostas sería a creación dos denominados espazos seguros, de solidariedade e apoio mutuo.

Esta cuestión, a transformación do espazo social nun espazo seguro, vén sendo moi importante historicamente para as persoas LGBTIQ, pero non é un obxecto de estudo doado. Hanhardt, dende as xeografías feministas, sinala o difícil e complexo que é o estudo da seguridade: “A seguridade, e por extensión o espazo seguro, son conceptos trampulleiros. James Baldwin falaba habitualmente sobre a seguridade e o seu status como unha ilusión da que depende a sociedade dominante” (2013, p.30). Esta revisión da seguridade dende unha perspectiva de xénero ven sendo realizada dende o académico e os feminismos durante as últimas décadas, prestando unha especial atención á falta de espazos seguros para as mulleres no fogar ou no traballo, no espazo público ou en contextos virtuais (The Roestone Collective, 2014).

Tamén as xeografías da sexualidade levan tempo estudando os procesos de creación e as prácticas asociadas cos espazos seguros, dende o recoñecemento do feito de que o espazo é activamente producido como heterosexual e heteronormativo, relegando por medio de diferentes mecanismos aquelas sexualidades non normativas ás marxes (Hartal, 2018). Eses espazos seguros xorden en ocasións como espazos non mixtos, “creando lugares de refuxio e celebrando a autonomía nun mundo heterosexista” (Kenney, 2001, p.111). Eses espazos seguros son en teoría “un lugar protexido, que proporciona unha sensación de seguridade e reproduce discursos de inclusión e diversidade. É unha metáfora para a capacidade de ser honestas, asumir riscos, compartir opinións e revelan a propia identidade sexual” (Hartal, 2018, p. 1056).

Dende outros contextos como o educativo, e segundo a definición dada pola Gay, Lesbian and Straight Education Network's, estes espazos son “un ambiente onde os/as estudantes lesbianas, gais, bisexuais e transxénero se sintan seguros/as, benvidos/as e onde reciban todo o apoio que precisen” (GLSEN, 2016, p.2). Algunhas outras aproximacións ao concepto falan de espazos comunitarios que promoven “un certo permiso para falar e actuar con liberdade, dar forma a forzas colectivas e xerar estratexias para a resistencia” (Kenney, 2001, p.24) ou “un entorno ou atmosfera na que as persoas marxinalizadas poden atoparse e compartir as súas vivencias de discriminación, e onde a vitimización, o discurso de odio ou as agresións non son toleradas” (Tshilongo e Rothmann, 2019, p.4), ou mesmo de “áreas de probabilidade nun espazo social aberto á tolerancia, á diferenza e á ambigüidade” (Galoppe, 2012, p.189). Segundo Browne et al. poderían articularse como “como espazos comunitarios nos que compartir experiencias de abuso e discriminación”, axudando a crear unha sensación de colectividade, misión común e solidariedade entre as persoas LGBTIQ (p.742).

Así, nestes espazos podería diferenciarse analiticamente entre a “seguridade de” e “seguridade para” (The Roestone Collective, 2014, p.1361), xa que ao tempo que rexeitarían

o conxunto de violencias existentes baixo o cisheteropatriarcado, facilitarían a baixada das barreiras levantadas polas persoas LGBTIQ ao longo da vida, posibilitando a expresión do que non se expresa normalmente en público: a propia identidade, a expresión de xénero, a orientación dos afectos e do desexo, etc.

En todo caso, parece preciso continuar aprofundando no coñecemento dos procesos de creación e xestión destes espazos, ás veces presentados como unha utopía inalcanzable, mais atravesados tamén por certas contradicións internas e dinámicas de inclusión e exclusión (Hartal, 2018, p.1069) e nalgúns casos máis seguros na teoría que na práctica, tanto para o caso dos xurdidos dende os activismos e o comunitario (Allen, Cowie e Fenaughty, 2020) como dende o ámbito institucional (Biglia e Cagliero, 2019). O que si parecen amosar as investigacións previas é que estes espazos poden ser considerados seguros por ou para algunhas persoas, pero inseguro para outras de diferente xénero, raza, sexualidade, clase, idade ou outras identidades (The Roestone Collective p.1349), ou sexa, que serán máis ou menos seguros en función de quen os nomee e en función de con quen os compartan (Fox e Ore, 2010).

Parece entón axeitado cuestionar o seu carácter estático e o propio lugar de enunciación desa seguridade, probablemente construída dende un suxeito privilexiado LGBTIQ. Incorporando un enfoque interseccional e identificando e clarificando as súas características concretas, será posible avanzar cara unha nova conceptualización destes espazos como “máis seguros” ou “en proceso de ser seguros”, dende a consciencia do seu potencial pero tamén das súas limitacións.

## 4. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN.

### a. A investigación-acción participativa como aproximación metodolóxica.

Tras a definición dos obxectivos a acadar con este traballo, a metodoloxía a desenvolver será eminentemente cualitativa, articulando un proceso de IAP e entre pares. Este enfoque resulta acaído xa que facilita que os propios suxeitos investigados participen de forma activa no proceso de indagación, e especialmente na análise da información e na definición de accións a programar no futuro ao respecto da creación de espazos seguros (Martínez, 2004).

A IAP foi dende un primeiro momento o deseño metodolóxico entendido como óptimo para acadar os obxectivos, especialmente aqueles sinalados como de impacto, aliñados en maior grao coa dimensión activista do mesmo. Estes sinalaban, por un lado, a necesidade de xerar un proceso de investigación cualitativo estruturado arredor de espazos de reflexión e intervención, máis aló da mera obtención de información, ao tempo que, por outro lado, co desenvolvemento do traballo de campo, tratar de deseñar unha sorte de prototipo metodolóxico que funcionara como unha ferramenta de autodiagnose dos espazos seguros activistas.

No proceso de deseño, certas características da IAP foron identificadas como calidades moi congruentes coa vontade tras esta investigación. Stringer (1999) destaca as súas dimensións liberadora e emancipadora, xa que está orientada a actuar contra a inxustiza social e a desigualdade, ao tempo que procura estimular a mellora das vidas das persoas participantes. Segundo outras autoras como Sandín (2003), referenciada por Hernández-Sampieri et al., “a IA pretende, esencialmente, propiciar o cambio social, transformar a realidade (educativa, económica, administrativa, etc.) e que as persoas tomen conciencia do seu papel nese proceso de transformación” (2014, p.496), contribuíndo en definitiva á mobilización e activación das participantes.

Tamén Elliot (1993), citado por McKernan (2001) pon en valor a visión crítica e emancipadora da IA, definíndoa como “o estudo dunha situación social con miras a mellorar a calidade da acción dentro da mesma” (p.16). Outras autoras reforzan esta idea dende o recoñecemento do potencial da IA no proceso de “emancipación das persoas participantes, a través dunha transformación profunda das organizacións sociais (...) esforzándose por cambiar as formas de traballar (...) e moi comprometida coa transformación das organizacións” (Colmenares et al., 2008, p.103).

De novo McKernan (2001) refírese a esta metodoloxía como unha sorte de intervención a pequena escala no funcionamento do mundo real, algo que resoa especialmente co obxecto de estudo deste traballo, os espazos seguros LGBTIQ, moitas veces configurados como pequenos refuxios fronte as violencias machistas do exterior. Esta característica fai ao mesmo tempo patente a necesidade de coidar o propio proceso de investigación como un espazo seguro para as propias participantes.

Por outro lado, atendendo ao propio deseño metodolóxico, e segundo a diferenciación de Creswell (2005) entre deseños de IA prácticos ou participativos, este traballo enmárcase no segundo dos modelos, buscando consolidar a IAP como metodoloxía de investigación. Dado o obxecto de estudo, explorar solucións á cuestión dos espazos seguros de forma participada

resulta esencial. Facer explícita aquí a vontade do investigador de desxerarquizar o proceso, rachando coa separación entre obxecto de estudo vs. suxeito investigador. O seu propio rol como activista e participante en debates previos sobre este tema está na liña do expresado por Latorre (2007) cando fai referencia á IAP como unha investigación sobre a propia persoa, na que as profesionais investigan sobre as súas propias accións.

Este deseño participativo implica que as persoas participantes no campo, interesadas e con enerxía para abordar esta problemática, se implican no desenvolvemento do proceso da investigación: dende a propia formulación do problema de investigación á difusión dos resultados, pasando pola difusión e convocatoria do espazo participativo. Neste momento de exploración inicial o papel das persoas activistas LGBTIQ participantes non foi todo o activo que será, máis esta fase é unha oportunidade para integralas, facilitando a continuidade deste tipo de espazos de construción de coñecemento colectivo. Citando a Fernández, “o coñecemento nunca é un exercicio individual, e sempre se constrúe dende e no contacto, na discusión, na práctica política, o contraste, a vivencia, o diálogo e o debate con outras. Sempre é (...) un exercicio colectivo” (2007, p.16). Unha investigación destas características non sería posible sen considerar ás persoas LGBTIQ militantes en organizacións e colectivos activistas como as maiores expertas na cuestión.

Tomando como referencia o esquema de etapas da IAP elaborado por Alberich (2007), con evidentes paralelismos ao presentado por Hernández-Sampieri (2014), pódense sinalar as seguintes fases deste proceso:

**1.- Pre-investigación:** Detección dos síntomas e demanda de intervención. Nesta fase encaixaría a demanda realizada polo Colectivo Matrioska durante a organización do V Festival Reina Loba, momento no que se detectou a necesidade de abrir un espazo de reflexión sobre a inclusión da diversidade afectivo sexual no propio festival, xerme deste traballo de investigación-acción.

**2.- Diagnose:** Fase na que se abordan a identificación do problema e a clarificación do obxecto de estudo deste traballo: os espazos seguros LGBTIQ como unha resposta alternativa dende o comunitario e os activismos á necesidade de seguridade das disidentes sexuais e de xénero, fronte á conceptualización e a persecución dos delitos de odio.

**3.- Programación:** Nesta fase desenvólvese unha secuencia de accións case coincidente con este propio traballo e informe de investigación: recollida de información; introdución de elementos de análise; desenvolvemento do traballo de campo; discusión da información recompilada.

**4.- Conclusións e proposta:** O alcance limitado e a escala dun traballo destas características provocan que o proceso remate aquí, provisionalmente. Sería esta a fase na que, tras compartir os resultados do mesmo coas participantes, incorporárianse as súas achegas enriquecendo a análise, para dende aí elaborar un plan de intervención que trataría de abordar a problemática mediante a implantación dunha serie de cambios. Unha posibilidade, a desenvolver coas propias asociacións e colectivos LGBTIQ galegas, sería xerar de forma participativa unha folla de ruta que poida servir para estimular a conversa e a construción de espazos máis seguros.

**5.- Post-investigación:** Nesta fase o obxectivo pasaría pola posta en práctica do plan de intervención xunto coa avaliación do seu éxito á hora de configurar espazos máis seguros para as persoas LGBTIQ, abrindo dende aí unha nova fase do ciclo ou espiral de diagnose - reflexión - acción. Como xa se mencionou, este traballo procura xerar ondas expansivas, poñendo á disposición dos activismos galegos a metodoloxía e o coñecemento xerado, dende unha vontade de compromiso social.

Incorpora tamén este deseño unha serie de principios éticos, recollendo algún dos sinalados por Kemmis et al. (1992), importantes dende esta lóxica do coidado das persoas participantes, con máis motivo cando certas cuestións compartidas poden ser relatos de vulnerabilidade, inseguridade, violencias, etc. Os principios explicitados e compartidos coas participantes foron:

- .- Información: Todas as persoas recibiron información concreta sobre o marco e os obxectivos desta investigación.
- .- Consentimento: As participantes foron consultadas tanto á hora de recoller información do seu perfil sociodemográfico como á hora de gravar o audio da sesión.
- .- Corresponsabilidade: Dado que a realización desta investigación precisou da implicación activa das participantes, compartíuse a metodoloxía proposta, incorporando demandas e suxestións.
- .- Apertura: As conclusións do traballo serán compartidas e quedarán abertas a incorporar as súas achegas nunha fase posterior.
- .- Anonimato: O presente traballo garante o anonimato das participantes, codificando os seus nomes.

Por último, e volvendo ao sinalado por Latorre ao respecto do foco da IAP, situando este nos valores do profesional investigador por riba de outras consideracións metodolóxicas (2007, p. 28) facer aquí explícitas dúas cuestións relevantes:

- .- O compromiso do investigador coa introdución do enfoque de xénero e co recoñecemento da diversidade afectivo sexual tamén no ámbito académico.
- .- O emprego consciente do galego en todo o proceso de elaboración deste traballo de investigación, dende a súa formulación, desenvolvemento e presentación pública, normalizando o seu uso en contextos académicos.

#### **b. O “Café do Mundo” como técnica de investigación.**

Partindo da base da contribución metodolóxica que este traballo fará para solidificar unha metodoloxía de IAP, destacar tamén a intención de empregar baixo este deseño ferramentas do ámbito da facilitación de grupos e da dinamización comunitaria, que co paso do tempo están a ser integradas na práctica investigadora académica, ben en solitario, ben convivindo con outras como os grupos focais ou as entrevistas semiestruturadas.

Así, a metodoloxía descansa no deseño e desenvolvemento dun Café do Mundo (en adiante CM) como ferramenta de investigación. O CM xa foi a técnica empregada no mencionado obradoiro “Movendo os Marcos”, aínda que sen o control e o rigor esixido por traballo como o presente. Totalmente en sintonía cun deseño de IAP o CM busca ser unha ferramenta de indagación participativa que facilite o cambio social escoitando, recollendo e poñendo en

común o máximo número de ideas e opinións posibles (Brown e Isaacs, 2005). Non se trata así dunha ferramenta para o consenso ou a confrontación de posturas, senón que, dende a premisa de que todas as ideas compartidas son válidas e de interese, busca valorar e recoller toda a súa diversidade, favorecendo a creación de solucións con vontade de inclusión. Xa que o ámbito deste estudo é a realidade específica e as necesidades das persoas LGBTIQ, estas cuestións resultan do máis acaído.

Respecto ao seu uso como ferramenta de investigación académica, autoras como Löhr, Weinhardt e Sieber (2020) afirman que é un método válido e comparable ás entrevistas semiestruturadas ou aos grupos focais, xa que “permite recoller as visións e percepcións dun grupo relativamente grande e heteroxéneo nun período de tempo relativamente pequeno, (...) axudando na exploración e verificación de temas, (...) e beneficiando ás persoas participantes xa que facilita o diálogo e a aprendizaxe mutua” (p.11).

Recollendo ideas doutras autoras como Aldred, o CM sería unha sorte de “grupo focal autofacilitado” (2011, p.5), tal e como se detallará máis adiante; unha oportunidade para que un grupo diverso de persoas compartan as súas impresións e experiencias, xerando coñecemento dende un diálogo profundo. Esta aproximación de investigación “de abaixo-arriba” é congruente tamén coas ideas previas de participación, protagonismo e corresponsabilidade, xa que as participantes son expertas no obxecto de estudo polo feito de que o tema a tratar está atravesando o seu día a día, e non porque teñan acceso privilexiado a un coñecemento creado fóra de si mesmas. Así, a súa implicación no proceso é lexítima e o coñecemento producido relevante tamén para elas, potenciais beneficiarias do mesmo.

Na práctica, o CM desenvolverase como un obradoiro en liña aberto á participación de persoas LGBTIQ activistas do conxunto do país. Volvendo a Latorre (2007), o traballo de campo así materializado será a acción esencial para o propio proceso de IAP. Así, por medio de varias roldas de traballo grupal, as participantes reflexionarán e compartirán as súas impresións sobre diferentes dimensións de análise dos espazos seguros LGBTIQ, cun deseño que favorecerá o intercambio de ideas e a “polinización cruzada”, sistematizando ademais a recollida da información. Por último, esta ferramenta favorece que o diálogo xerado na sesión de traballo desborde os límites temporais da mesma, transformándose nunha oportunidade para tecer redes e alianzas.

### **c. Fontes a empregar.**

Co obxectivo de achegar información ás persoas participantes nun momento inicial do espazo grupal, revisáronse e presentáronse como contexto os datos analizados dende 2013 a 2020 nos sucesivos informes sobre a evolución dos delitos de odio en España, publicados polo Ministerio do Interior. É evidente que estes informes e datos oficiais non recollen toda a problemática das violencias contra as persoas LGBTIQ no Estado español, xa que soamente recollen denuncias formais, mais presentan unha primeira aproximación a este contexto. Coas súas limitacións, tamén serviron para validar a percepción actual ao respecto dun incremento no número de agresións LGBTfóbicas.

En todo caso, os datos de denuncias formais de agresións motivadas pola orientación sexual e/ou identidade de xénero foron completados coa revisión dos diferentes informes anuais publicados tanto polo Observatorio estatal “Redes contra el Odio”, da Federación Estatal de

Lesbianas, Gais, Trans, Bisexuais, Intersexuais e máis (FELGTBI+), como polo Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia, único das súas características na Galiza, posto en marcha en 2017 por ALAS A Coruña.

#### **d. Deseño das ferramentas de investigación.**

Antes de entrar a detallar o deseño do propio CM, sinalar unha cuestión relevante ao respecto da selección das persoas participantes no mesmo. Dada a ferramenta de investigación escollida, o tamaño da mostra, isto é, o número de persoas participantes no CM, podería ser amplo sen dificultar a capacidade de colleita e análise posterior dos datos. Por outro lado, e dado o duplo rol de investigador/activista do autor deste traballo, as potenciais participantes eran accesibles e o envío de convites estratéxicos, viable. Deste xeito, a mostra configurouse como autoseleccionada e de persoas expertas, convivindo a participación de persoas LGBTIQ que voluntariamente responderon a un convite difundido a través das redes sociais, con outras activistas con experiencia e reflexións previas sobre a creación deste tipo de espazos.

Para este último caso, realizáronse convites estratéxicos con dous obxectivos: Por un lado contar con significadas activistas galegas na acción polos dereitos e liberdades das persoas LGBTIQ; e por outro, contar coa súa colaboración na difusión do convite aberto, amplificando o seu alcance. Así convidouse a persoas relacionadas con:

.- Asociacións e colectivos activistas galegos: A Asociación pola Liberdade Afectiva e Sexual da Coruña, ALAS A Coruña; AVANTE LGBT+; Les Coruña, Mulleres pola Igualdade e Visibilidade Lésbica; AMIZANDO, Asociación trans da Galiza; ARELAS, Asociación de familias de menores Trans; Nós mesmas, Asociación de Mulleres Lesbianas e Bisexuais; a Rede Educativa de Apoio LGTBIQ+ de Galicia; CATU Asociación Alumnas Trans.

.- Espazos LGBTIQ galegos que dunha forma explícita se nomean como seguros, como o proxecto Sete Outeiros e o Colectivo Agrocuir, responsable do festival do mesmo nome.

.- Outros espazos ou colectivos que dende o comunitario ou o institucional ofrécense como un recurso ou servizo de interese para as persoas LGBTIQ: Club de Lectura Queeruña; Espazo Diverso do Concello da Coruña; Punto LGBT do Concello de Pontevedra; CS A Galleira; A Casa Colorida.

Para a captación de outras persoas interesadas, gravouse e editouse un vídeo (Anexo 2) trasladando o convite a participar nunha sesión de reflexión sobre espazos seguros LGBTIQ. O vídeo, de elaboración propia, compartiuse nas redes sociais persoais do investigador ([Instagram](#), [Facebook](#) e [Twitter](#)) acadando unhas 3.500 visualizacións en total.

Dado o obxecto de estudo e o interese en contar cun grupo de persoas o máis diverso posible dentro dos activismos LGBTIQ, minimizando os nesgos de infrarrepresentación de certas identidades ou orientacións sexuais, deseñouse un formulario coa que obter información previa do perfil das persoas interesadas. Este [formulario](#), que funcionou ademais para informar dos obxectivos da investigación e recadar os correos electrónicos das potenciais participantes, deseñouse en Google Forms, xerando e compartindo un enlace de acceso. (O



formulario completo pode consultarse no Anexo 1). 34 persoas amosaron o seu interese en participar respondendo ao formulario, das que finalmente participaron 11, como se explicará no seguinte apartado.

As preguntas deste formulario coidáronse e deseñáronse atendendo ás recomendacións das guías sobre principios éticos á hora de indagar sobre cuestións relacionadas coa identidade de xénero ou a orientación sexual, editadas por organizacións como The National LGBT Health Education Center (2017) LGBT Foundation (2018). A formulación das preguntas e as categorías de resposta tamén tiveron en conta o deseño da EU-LGBTI II, Enquisa da UE sobre lesbianas, gais, bisexuais e transxénero da Unión Europea (2019). O formulario finalmente compartido interesábase polas seguintes variables: idade; sexo asignado ao nacer; identificación ou non como unha persoa trans\*; categoría descritiva da identidade de xénero; categoría descritiva da orientación sexual.

Por último, preparáronse unhas normas básicas para o bo desenvolvemento da sesión, arredor de tres cuestións significativas para a creación de espazos de indagación grupal seguros para as persoas LGBTIQ: o rexeitamento expreso de calquera tipo de comentario ou discurso LGBTIQfóbico, machista, clasista, racista, capacitista, etc.; o uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva; e o convite a sinalar nome e pronomes no perfil, facilitando que ningunha persoa dea por suposta a identidade de xénero das outras participantes. Estas normas compartíronse por correo electrónico con todas as persoas interesadas, así como algunhas recomendacións técnicas e o enlace de convite á sesión en ZOOM.

#### **e. Desenvolvemento do traballo de campo.**

O CM foi celebrado o venres 3 de xuño, de 18:00 a 20:30 h, en formato en liña. Aínda que o obxectivo inicial era desenvolver esta sesión grupal de xeito presencial, a dispersión xeográfica das persoas participantes e as necesidades de conciliación fixeron que fose finalmente celebrado por medio de ZOOM, software de vídeo-chat popularizado en 2020 que facilita a participación, a organización e reparto das participantes en grupos diferenciados de traballo, ao tempo que posibilita a gravación e a colleita posterior.

É destacable que das 34 persoas inicialmente interesadas en participar, foron soamente 13 as que finalmente se conectaron á sesión; ademais, houbo dúas participantes que tras problemas de conexión decidiron abandonar a sesión. Non obstante, tras este atranco inicial, o CM puido desenvolverse sen máis incidentes segundo o previsto.

Na táboa 01 preséntase a información de perfil respecto ao espectro da diversidade afectivo sexual das persoas participantes, relevante á hora de tomar as conclusións deste traballo con cautela debido a infrarrepresentación de certas identidades e orientacións sexuais, así como a idade, e outras variables non recollidas no cuestionario, como a dimensión territorial urbano/rural, a diversidade de capacidades, etc. Destacar a ausencia de voces de persoas trans\*, posiblemente motivada por unha maior exposición xeral ás violencias LGBTIQfóbicas, autolimitando a súa participación en certos espazos.

Táboa 01 - Perfil das persoas participantes

Código	Idade	Sexo asignado ao nacer	Identificación como trans*	Identidade de xénero	Orientación sexual
F01	45	Masculino	Non	Home	Gai
F02	39	Masculino	Non	Home	Gai
F03	30	Masculino	Non	Home	Gai
P01	34	Feminino	Non	Muller	Lesbiana / Bisexual / Pansexual
P02	31	Masculino	Non	Home	Gai
P03	27	Masculino	NC	Home / Persoa non binaria	Gai / Bisexual / Pansexual
P04	47	Feminino	Non	Muller	Lesbiana
P05	22	Feminino	Non	Muller	Bisexual / Pansexual
P06	41	Feminino	Non	NC	Bisexual / Pansexual
P07	33	Masculino	Non	Marica	Marica
P08	41	Feminino	Non	Muller	Bisexual / Pansexual

Fonte: Elaboración propia

O desenvolvemento da sesión estivo guiado polos sete principios de deseño descritos polos seus propios creadores. Así, segundo os puntos sinalados por Brown e Isaacs (2005, p.40), o esquema / secuencia da sesión foi o seguinte:

**1.- Exposición do contexto.** A sesión comeza coa benvida a todas as persoas participantes e o recordatorio das normas do espazo compartidas previamente por correo electrónico. É este o momento de compartir a motivación investigadora/activista tras esta convocatoria, xunto coa presentación dos obxectivos concretos do traballo e da sesión. Compártese tamén información actualizada sobre o contexto das violencias LGBTIQfóbicas e dos delitos de odio.

**2.- Creación dun espazo de hospitalidade.** Faise explícito que este será un espazo informal de conversa durante o que as persoas participantes poden preparar un café, coller algo de comer, poñerse cómodas dende os seus respectivos fogares, etc. Ademais, para xerar un clima de confianza e facilitar o coñecemento mutuo, convídase ás participantes a presentarse e a responder por parellas á pregunta “cal é a miña motivación para participar nesta sesión sobre espazos seguros LGBTIQ?”.

**3.- Exploración de cuestións relevantes.** Preséntanse as tres preguntas que guiarán a reflexión grupal en tres roldas consecutivas, definidas en base a tres dimensións relevantes para a análise dos espazos seguros tras a revisión da literatura existente:

.- “Cales son as condicións que debe cumprir un espazo seguro LGBTIQ?”, orientada a identificación de requisitos, necesidades, etc., que debe cumprir un espazo para ser considerado seguro. Volvendo á análise realizada por The Roestone Collective (2014), a conversa explora neste punto a “seguridade de” (safe from).

.- “Que tipo de interaccións son as desexables nun espazo seguro LGBTIQ?”. Nunha segunda rolda o interese é explorar cuestións relacionadas co conflito grupal, coa interrelación e a convivencia nun espazo habitado por diferentes subxectividadeas. Recóllese e incorpórase así a análise de Fox e Ore (2010): os espazos serán máis ou menos seguros en función do lugar de enunciación, da identidade de quen os nomee, e en función de con que outras persoas os estea a compartir.

.- “Que posibilidades abren ás persoas LGBTIQ os espazos seguros?”. Volvendo de novo a análise de The Roestone Collective (2014), indágase nesta última pregunta polas potencialidades, polas portas que os espazos seguros abren para as persoas LGBTIQ, pola “seguridade para” (safe to).

**4.- Fomento das achegas por parte de todas as persoas participantes.** É importante, tras a presentación e resolución de dúbidas sobre as preguntas exploratorias, lembrar que todas as achegas serán consideradas válidas, así como aclarar a dinámica e outras cuestións relacionadas cos roles:

.- Tras o reparto en pequenos grupos (segundo o presentado na táboa 02), as participantes terán 30’ para articular unha conversa arredor da primeira das preguntas. Tras ese tempo, todas as persoas, coa excepción das facilitadoras, cambian de grupo para continuar coa mesma secuencia con outras persoas, fomentando o intercambio de ideas.

.- Pídese ás participantes que, tras o reparto inicial en grupos, escollan a unha persoa que asumirá o rol da facilitación en cada un dos grupos. Esta persoa permanecerá estable durante as tres roldas facilitando que todas as persoas teñan tempo para expresar a súa opinión e tomando nota sobre unha ficha de colleita das principais ideas.

**5.- Polinización cruzada.** Tras cada rolda, a facilitadora de cada grupo compartirá un resumo das respostas á pregunta anterior coas novas participantes, favorecendo o intercambio e a conexión de diferentes puntos de vista.

**6.- Escoita activa e detección de patróns.** O rol do investigador nesta secuencia de presentación da pregunta exploratoria - conversa facilitada en pequenos grupos - presentación dunha nova pregunta exploratoria, etc., é de observación e escoita activa do que se vai compartindo nos diferentes grupos, atendendo as ideas comúns.

**7.- Colleita e posta en común dos achados colectivos.** Tras a terceira e última das roldas as persoas facilitadoras de cada grupo organizan as súas notas e destacan as principais conclusións compartidas en plenario.

O traballo realizado en pequenos grupos non foi gravado por cuestións de confidencialidade e pola posible emerxencia de cuestións persoais sensibles, así como polo feito de que o coñecemento da gravación podería afectar negativamente á naturalidade e espontaneidade da conversa, valores de moita importante no desenvolvemento dun CM.

En todo caso, e antes da despedida e peche da sesión, as persoas facilitadoras compartiron por correo electrónico co investigador a integridade das súas notas, que xunto coa transcripción da posta en común en plenario (Anexo 3), conforman os materiais brutos de análise deste traballo.

Táboa 02 - Distribución das persoas participantes por grupos de traballo nas sucesivas roldas

1º Rolda - 30'

*Cales son as condicións que debe cumprir un espazo seguro LGBTIQ?*

Facilitador 01 - F01	Facilitador 02 - F02	Facilitador 03 - F03
- P01 - P02 - P03	- P04 - P05	- P06 - P07 - P08

2º Rolda - 30'

*Que tipo de interaccións son as desexables nun espazo seguro?*

- F01	- F02	- F03
- P04 - P08	- P03 - P06 - P07	- P01 - P02 - P05

3º Rolda - 30'

*Que posibilidades abren ás persoas LGBTIQ os espazos seguros?*

- F01	- F02	- F03
- P05 - P06 - P07	- P01 - P02 - P08	- P03 - P04

Fonte: Elaboración propia

## 5. APLICACIÓN PRÁCTICA.

Tras a transcripción e análise das conclusións de cada un dos grupos de traballo, preséntanse a continuación as principais ideas compartidas, nun intento de caracterización dos espazos seguros LGBTIQ dende a perspectiva dos activismos galegos.

**1.- ESPAZOS FÍSICOS COIDADADOS.** En primeiro lugar, emerxen varias ideas relacionadas coa configuración dos propios espazos físicos de encontro, a súa formalidade ou carácter institucional. Así, é importante para as persoas participantes a atención e o coidado dos espazos, poñendo en valor a propia seguridade física, a comodidade e a tranquilidade. Sobre esta primeira e básica capa relativa a necesidade de confort, sinalase a necesidade de facer expreso o carácter seguro e de respecto da diversidade: por un lado, dende a revisión, o cuestionamento e a eliminación de símbolos susceptibles de reproducir estereotipos de xénero (cartelaría, sinalética, etc.) e outras violencias simbólicas; e por outro, de tornar visible o compromiso do espazo e das persoas responsables da súa xestión, instalando elementos tales como recordatorios das normas de uso do espazo, recomendacións sobre o uso dunha linguaxe non sexista e inclusiva, protocolos ante agresións, etc.

**2.- ESPAZOS INFORMAIS.** Aínda que sen afondar moito nesta cuestión, aparece unha relación entre seguridade e informalidade, posiblemente relacionada coa cuestión previa da necesidade de comodidade e calma. Así, valóranse positivamente a non formalidade, non institucionalidade e a non mercantilización dos espazos. Os locais ou centros sociais e outros espazos autoxestionados serían marcos idóneos para a creación de espazos seguros, así como outros relacionados co lecer, coa creación de comunidade, etc.

“(…) que os consideremos un pouco o noso fogar”. (F01)

**3.- ESPAZOS CORRESPONSABLES ANTE A VIOLENCIA.** Unha das cuestións máis repetidas é que os espazos seguros deben ser espazos explícita e claramente posicionados ante toda forma de violencia LGBTIQfóbica, principal ameaza á percepción de seguridade, así como ante outro tipo de violencias dende unha perspectiva interseccional: machismo, racismo, xenofobia, capacitismo, etc.

Ao mesmo tempo, as persoas participantes son conscientes de que este tipo de espazos poden ser tamén reprodutores de estereotipos dentro do propio colectivo LGBTIQ, polo que para dar pasos nese camiño sinalase como importante abordar unha revisión interna de certas formas de discriminación como a plumofobia, a bifobia, a transfobia, etc.

Tamén é importante a corresponsabilidade de todas as persoas á hora de sinalar dinámicas e actitudes violentas, evitando colocar nas vítimas das mesmas a responsabilidade á hora de visibilizalas ou denuncialas.

“(…) no colectivo temos que facernos unha autorevisión porque repetimos patróns machistas. Ese machismo nótase moito dentro do colectivo, porque predomina máis o G do LGTBI que o resto das siglas”. (F03)

**4.- ESPAZOS ABERTOS Á CRÍTICA E AO ERRO.** A definición de espazo seguro precisa incorporar unha lóxica de proceso: a seguridade é así unha variable que non debe expresarse como un valor absoluto, senón como un grao, polo que os espazos seguros serán

aqueles que incorporen no seu deseño un proceso de mellora continua. Isto implica que estean expresamente abertos ás críticas e ás suxestións de mellora, tanto dende a xestión do propio espazo, como no que respecta a cada unha das persoas participantes dos mesmos. Os espazos seguros así entendidos non darán por feitas as normas sociais de relación baixo o seu marco, senón que están abertos ao debate permanente de esas normas, a súa revisión e reelaboración en función das necesidades específicas das persoas que os habitan.

“(…) nunca imos a coñecer as necesidades de todo o mundo e nunca imos a coñecer as realidades de todos os colectivos, das distintas existencias e polo tanto temos que estar abertas e que cando facemos algo mal, nolo digan e poder corrixilo”. (F02)

A empatía, a comunicación asertiva e a escoita activa son habilidades a fortalecer no proceso de creación de espazos seguros. Do mesmo xeito, dende esa apertura á crítica, deberán ser espazos flexibles, abertos e activamente interesados en recoller novas demandas e necesidades.

“(…) espazos de escoita, nos que a xente poida expresarse de maneira asertiva, que poida expresar as súas necesidades e que poida expresar as súas emocións (...) hai xente que vive as cousas con máis intensidade, con máis emocionalidade e tamén debemos ser conscientes disto e ter coidados cara estas persoas, porque igual algo que a nós non nos afecta a outras persoas aféctalles máis”. (F02)

Por outro lado, e de forma simultánea, deben ser espazos abertos ás propias preguntas, equivocacións e erros das persoas que os habitan, sen graves consecuencias para elas, como parte esencial dese proceso de mellora. Dado que non todas as persoas posúen o mesmo capital cultural nin se atopan no mesmo punto respecto ao coñecemento doutras realidades, compártese como algo desexable na xestión destes espazos o trato comprensivo cos erros xenuínos e benintencionados. Isto non significa deixar pasar os erros relacionados con violencias cara outras persoas, senón a formulación das críticas en positivo e dende a amabilidade. Así, os espazos seguros abertos ao erro esforzaranse por ser abertos e acolledores coas novas incorporacións.

“(…) como non todo o mundo coñecemos todas as realidades, podemos vulnerar a seguridade das compañeiras ou cometer algunha cuestión que sexa vista como violenta; mais se estamos constantemente policeando todas as palabras, todas as expresións, todos os tonos, todas as interaccións que se dean neses espazos, deixan de ser espazos seguros”. (F02)

“(…) dar espazo á equivocación, para poder mellorar como tratarnos entre nós”. (F03)

**5.- ESPAZOS INCLUSIVOS.** As persoas participantes reforzan a importancia de que os espazos seguros deben ser realmente inclusivos coa diversidade, permitindo a todas as persoas expresarse con liberdade sen sentirse inseguras ou non respectadas. Serían así espazos o máis acolledores posibles das identidades e prácticas non normativas. Así mesmo, deberían axudar a poñer consciencia sobre os privilexios propios e as vulnerabilidades alleas. Deste xeito, aínda que non é viable que todos os espazos sexan seguros para todas as persoas, todas deberían ter acceso a un espazo seguro.

“Asumir as problemáticas dunha forma máis xeral, isto é: eu como muller lesbiana, ou eu coma home cis gai, a miña problemática é... Non. A problemática aquí é un problema de estrutura social, é un problema de educación social, que afecta a moitas realidades”. (F01)

Así, estes espazos serán máis ou menos seguros dende un punto de vista temporal a intersubxectivo, en función das persoas que os habiten e das relacións de poder entre elas nun determinado momento; para garantir a súa condición de seguridade deberán atender as necesidades presentes dunhas persoas concretas.

(...) ningún espazo vai a ser seguro para todo o mundo. Pero aparte distintos espazos compostos por distintas persoas van ter distintas necesidades”. (F02)

Por último, destacar a relación directamente proporcional que se establece entre a diversidade e a seguridade; así, a maior inclusión da diversidade nun espazo, mellorando a súa accesibilidade e posibilitando a presenza de crianzas, persoas maiores, discapacitadas, etc., maior seguridade para todas as usuarias do mesmo.

**6.- ESPAZOS CONSCIENTES DO PRIVILEXIO.** O propio feito de que nos tres grupos de traballo foron homes os que asumiron o rol da facilitación torna visible de que xeito certas identidades teñen máis capacidade para facer escoitar as súas voces e, en consecuencia, as súas necesidades. Dende a consciencia destes privilexios, serán espazos máis seguros aqueles que contén cunha facilitación consciente das dinámicas de poder, que facilite a participación daquelas persoas máis aló dos homes cis gais, dende o consenso da súa sobrerrepresentación en certos espazos activistas. Tamén aqueles que no seu deseño sexan conscientes dos nesgos relacionados coas subxectividade das persoas promotoras, evitando activamente atender unicamente as súas necesidades.

“(...) a maioría das asociacións están formadas por homes cis gais, e que entón, ao mellor, ese colectivo ten que estar máis atento ás outras para facilitarlles máis a palabra e todo iso...”. (F01)

**7.- ESPAZOS ABERTOS AO CONFLITO.** Compártese como desexable que os espazos seguros contén con un regulamento do que se informe a todas as persoas que accedan ao mesmo. Dentro dese regulamento, deberán comunicar expresamente a incorporación de protocolos, ferramentas ou equipos para a xestión de conflitos. Isto é unha condición básica e relacionada coa súa calidade de espazos de non violencia, xa que para poder comunicar a experiencia dunha situación discriminatoria ou agresión é preciso que exista a apertura a recollela e xestionala.

“É difícil que alguén transmita de maneira positiva e amable que se acaba de sentir violentada se non sabe que o espazo está aberto a esa crítica e vai a traballar para solventar o problema que está sinalando”. (F02)

**8.- ESPAZOS DE VULNERABILIDADE.** Os espazos seguros para as persoas LGBTIQ posibilitarán a relación dende a vulnerabilidade, facilitando a libre expresión de opinións, emocións, inseguridades, etc.

Relacionada coa súa condición de espazos inclusivos coa diversidade, tamén deberán incorporar as necesidades de persoas con diferentes sensibilidades e emocionalidades, dende unha vontade de non xuízo.

**9.- ESPAZOS DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL.** Cales serían as posibilidades que os espazos seguros ofrecen as persoas LGBTIQ? Nesta sesión grupal, as persoas participantes centraron a resposta a esta pregunta arredor dunha dimensión de crecemento e desenvolvemento persoal. Así, estes espazos son entendidos como unha oportunidade para a validación persoal, para o recoñecemento das outras, para o apoderamento e o reforzo da autoestima. Espazos que favorezan a construción libre da personalidade e a expresión de cada unha, baixando as barreiras levantadas durante unha socialización baixo unha norma cisheterocentrada.

“(…) poder ser unha mesma e para poder construír a túa propia personalidade de maneira libre, non vinculada ao que (risas) se espera de ti en espazos máis hexemónicos ou nos cales vai ser castigada a túa identidade diverxente”. (F02)

Compártese tamén o seu potencial como espazos de mellora das habilidades sociais, favorecendo a adquisición de criterios e ferramentas para a relación coas outras.

“(…) unha forma de adquirir un criterio para decidir con quen me relaciono, é dicir, que funcione como un lugar no que eu poida sentirme libre, e despois fóra escoller persoas coas que me poida sentir así, e non aceptar calquera cousa”. (F03)

Ao tempo tamén son valorados como espazos de aprendizaxe, como unha oportunidade para comprender en colectivo as violencias sistémicas que atravesan e todas e cada unha das persoas LGBTIQ de diferentes formas. O feito de compartir experiencias con persoas diferentes facilitará a aprendizaxe na xestión das violencias, adquirindo ferramentas para lidar con elas.

“(…) como funcionan os sistemas que causan estas violencias. É máis fácil ver que son sistémicas e non individuais, e tamén aprendes como estas outras persoas reacciona a estas violencias co que podes gañar ferramentas ou gañar maiores competencias para afrontar o mundo e as violencias que sufrimos”. (F02)

**10.- ESPAZOS COMO REDE DE APOIO.** Sinalar, por último, o gran potencial atribuído a este tipo de espazos á hora de xerar redes de apoio interxeracional, con importantes beneficios para as persoas maiores LGBTIQ, contribuindo a reducir a súa soidade ou illamento.

“(…) tecer redes, en referencia a buscar esos apoios que nos permitan sobrevivir (...) tanto en horizontal como en vertical, cosendo o interxeracional (...) unha rede que permita evitar caer no abismo desta soidade, que afecta sobre todo ás persoas maiores”. (F03)



## 6. CONCLUSIÓNS.

Tras o desenvolvemento do deseño metodolóxico explicado previamente, e a análise de contidos realizada, varias son as conclusións a extraer deste traballo, necesariamente limitadas en profundidade polas limitacións do seu alcance. Preséntanse a continuación, aquelas de carácter máis académico, relacionadas cos contidos, xunto con outras aliñadas en maior medida cos obxectivos de impacto, dende unha dimensión máis activista e militante.

En primeiro lugar este traballo pode ser entendido como unha pequena contribución dende o contexto galego á xeración de coñecemento arredor da creación de espazos seguros LGBTIQ en contextos activistas. Non obstante, a principal conclusión do mesmo é constatar a necesidade de dar un paso atrás, comezando por cuestionar a propia noción de “seguridade” dende unha perspectiva de xénero interseccional e de inclusión da diversidade.

As diferentes subxectividades xurdidas como produto dunha multiplicidade de identidades, expresións de xénero e orientacións sexuais, pero tamén dende o seu cruce con outras variables como a clase social, a racialización, a pertenza étnica, a diversidade funcional, cognitiva e sensorial, etc., xeran necesidades diferenciais ao respecto do acceso e uso dos espazos activistas. Sen un diálogo e unha análise máis profunda sobre as diferentes nocións de “seguridade”, a tarefa de creación de espazos seguros LGBTIQ dende os activismos pode chegar a ser un traballo estéril, xerando propostas que non satisfagan as necesidades do conxunto de persoas implicadas.

A convivencia de diferentes perspectivas sobre o que se entende como “seguridade” pode rematar por xerar definicións de “espazos seguros” en conflito ou mesmo contraditorias entre si. Esta contradición é previsible ao atender a algunhas das ideas compartidas no CM, como sería o caso dos “espazos abertos á crítica e ao erro”, que priorizarán a mellora continua e os procesos de aprendizaxe nun grupo formado por diferentes subxectividades, e os “espazos inclusivos” e os “espazos corresponsables ante a violencia”, que terán como obxectivo eliminar calquera forma de violencia no seu contexto.

Resulta ademais necesario problematizar a idea de que este tipo de espazos poden responder á demanda expresa de creación de oasis seguros fóra das dinámicas heteronormativas, xa que no seu propio contexto serán múltiples as dinámicas de poder e discriminacións reproducidas. Nese sentido, enunciado un espazo activista como seguro dunha forma categórica implica necesariamente obviar ou mesmo tornar invisibles as violencias que operan sobre as persoas máis vulnerables, ignorando as súas realidades e necesidades concretas. Esta cuestión é aínda máis necesaria tendo en conta que, tal e como se sinalou no CM, dentro do propio activismo LGBTIQ existen suxeitos cunha maior facilidade para facer escoitar as súas voces e incorporar as súas demandas á axenda pública (normalmente homes gais, brancos, de clase media, con corporalidades normativas, etc.) debido á súa posición de privilexio dentro do colectivo.

A segunda das conclusións relaciónase coa necesidade de rexeitar o discurso da seguridade como un valor absoluto, introducindo no seu lugar a seguridade como unha variable gradual. Tras ese cambio conceptual, é posible afirmar que non é viable xerar espazos activistas LGBTIQ 100% seguros para todas as persoas, e que a utilización do concepto está a amosar unha notable falta de reflexión acerca do significado profundo da seguridade, que engloba ideas tan diversas como “protección”, “confort” ou “liberdade”.

Dende esta consciencia do espazo seguro como un ideal, como un obxectivo utópico, é preciso afondar na crítica, eliminando a súa conceptualización como algo esencial, estable ou permanente. De feito, recollendo parte do significado do termo “queer”, a mutabilidade, a continxencia ou a temporalidade non teñen por que ser identificadas como características negativas ou limitadoras destes espazos, senón que poden entenderse precisamente como as súas fortalezas: espazos fluídos, actualizables e en permanente revisión. Así, sería interesante falar de espazos máis seguros, espazos en proceso ou en construción, sempre dende a aposta pola implicación e o compromiso dunha pluralidade de persoas.

En terceiro lugar, a investigación realizada avanzou na caracterización e identificación de dimensións dos entendidos como espazos seguros LGBTIQ para os activismos galegos. A agrupación e análise das ideas compartidas polas persoas participantes no CM pode servir de base para un traballo posterior de elaboración dunha lista de verificación ou proposta de indicadores coa que os colectivos ou asociacións galegas poidan autoavaliar o grao de seguridade dos seus propios espazos. Así, e pensando na aplicación directa deste traballo, estas conclusións axudarán a facilitar o desenvolvemento de espazos activistas e comunitarios máis seguros para as persoas LGBTIQ, así como tamén á inclusión de ferramentas nesta liña noutros contextos como o laboral, o educativo, etc.

Por último, dende un punto de vista metodolóxico, este traballo é relevante polo emprego, baixo un deseño de IAP, da ferramenta do CM como unha técnica de investigación que supón unha clara innovación, unha aposta polo uso de deseños de indagación participativa, dotando aos mesmos do rigor preciso para ser empregados en contextos de produción científica. Ademais, sinala a potencialidade do propio CM como unha técnica que favorece a creación de conversas e conexións máis aló da propia sesión de traballo, xerando oportunidades de creación de redes activistas. A metodoloxía empregada será reformulada como unha sorte de prototipo de obradoiro, dando continuidade a este proceso de IAP, facilitando aos activismos galegos a exploración e a reflexión autónoma sobre a seguridade nos seus propios espazos.

## 7. REFLEXIÓNS SOBRE O PROPIO PROCESO DE INVESTIGACIÓN.

Neste último epígrafe preséntanse, dende un punto de vista máis persoal, algunhas reflexións sobre certas decisións tomadas no proceso de elaboración deste traballo, así como unha relación de novas preguntas e próximos pasos, novos camiños descubertos polo propio proceso de elaboración. Así, dende un punto de vista da amplitude do foco na selección do obxecto de estudo, e tras esta tentativa de explorar dunha forma xeral o concepto de espazo seguro, emerxen varias opcións:

.- En primeiro lugar, e relacionado con ese paso atrás sinalado nas conclusións previas, indagar sobre a construción do propio concepto de “seguridade” dende unha perspectiva de xénero e interseccional. Ante unha noción de “seguridade” construída por unha sociedade androcéntrica e heteronormativa, que outras “seguridades” podemos construír? Neste contexto de frecuentes agresións ás disidentes sexuais e de xénero, como entenden as persoas LGBTIQ a “seguridade”, dende un punto de vista máis amplo?

.- Por outro lado, e dende unha mirada máis micro, xurde o interese en coñecer as estratexias e ferramentas concretas que os activismos LGBTIQ galegos están a desenvolver no proceso de creación de espazos máis seguros: Que tipo de normas regulan eses espazos? Como se están a xestionar os conflitos? De que maneiras concretas apoian o apoderamento e o desenvolvemento persoal?

.- Por último tamén resulta relevante a avaliación da resposta institucional ás violencias LGBTIQfóbicas dende a conceptualización e persecución dos delitos de odio. Esta cuestión introducíase no traballo como unha estratexia a responder dende os activismos coa posta en marcha de espazos seguros, mais no desenvolvemento final queda como pouco máis que unha información de contexto.

Dende un punto de vista de deseño metodolóxico, compartir a satisfacción de ter empregado, baixo un deseño de IAP, o CM como unha ferramenta de investigación. A valoración persoal é que este tipo de ferramentas de indagación grupal son en si mesmas espazos de activismo, encontros que favorecen a cohesión, a confianza e a xeración de redes de traballo estables no tempo, algo importante para a dimensión activista deste traballo. Tamén, e dende a autocrítica ao rol do investigador, posibilitar este tipo de espazos minimiza a separación entre investigador / investigadas, obtendo un beneficio académico na elaboración dun traballo deste tipo, por suposto, pero que simultaneamente e dende unha posición moi consciente, busca devolverlle conclusións, produtos e metodoloxías ás persoas investigadas.

Así e todo, tamén evidenciar as limitacións da metodoloxía. A información obtida polo desenvolvemento dunha sesión de CM non chegou a saturar o discurso sobre as condicións, interaccións e posibilidades dos espazos seguros dende o punto de vista dos activismos LGBTIQ. Sería interesante obter máis casos de estudo, convocando máis CM ou ben complementando esta ferramenta coa realización de entrevistas semiestruturadas a informantes chave, grupos ou persoas que teñen posto en marcha espazos máis seguros no contexto galego, como o proxecto Sete Outeiros, o festival AgroCuir, etc.

Por outro lado, en novas convocatorias de CM sería axeitado incorporar criterios de homoxeneidade intragrupal e variabilidade intergrupala durante o traballo grupal, amplificando así certas subxectividadeas menos representadas, que en certa forma poden

quedar “diluídas” no plenario. Unha posibilidade sería favorecer nun primeiro momento da dinámica a resposta por grupos homoxéneos, e avanzando no desenvolvemento, mover ás participantes para que compartan esa primeira análise con persoas parte dos outros grupos. Isto será, en todo caso, difícil se certas subxectividade e identidades están infrarrepresentados no conxunto, máxime respecto a este obxecto de estudo para o que certas identidades é máis difícil participar xa que senten unha maior vulnerabilidade e exposición ao risco.

Tamén sería interesante apostar pola seu desenvolvemento presencial, favorecendo o encontro e a creación de redes antes mencionados, pero tamén facilitando que, con apoios, o investigador poida ter acceso ás conversas que se dan nos momentos de traballo en pequenos grupos. Dado o traballo autofacilitado e case autónomo durante esa parte do desenvolvemento do CM, resulta difícil afirmar que todas as participantes contribuíron do mesmo xeito e en igualdade de condicións á información finalmente recadada, co nesgo que isto comporta, especialmente dado que as tres persoas no rol de facilitación identificáronse como homes cis gai.

Por último, reforzar a diversidade de persoas participantes é vital para seguir afondando neste tema, achegándose ás experiencias e opinións das persoas trans e intersexuais, ausentes deste proceso. E para o caso concreto da análise dos espazos máis seguros LGBTIQ que van xurdindo no noso territorio, incorporar a dimensión urbano/rural, que pode amosar procesos de creación e prácticas diferenciais de interese.

## 8. BIBLIOGRAFÍA

- Aldred, R. (2011). From community participation to organizational therapy? World Cafe and Appreciative Inquiry as research methods. *Community Development Journal*, 46(1), 57–71. <https://doi.org/10.1093/cdj/bsp039>
- Alberich, T. (2007) Investigación-acción participativa y mapas sociales. (Non publicado) Recuperado de <http://comprenderparticipando.com/wp-content/uploads/2016/04/Tomas-Alberich-Nistal-Investigacion-accion-participativa.pdf>
- Allen, L., Cowie, L. e Fenaughty, J. (2020). Safe but not safe: LGBTTIQA+ students' experiences of a university campus. *Higher Education Research & Development*, 39(6), 1075-1090. doi: 10.1080/07294360.2019.1706453
- Axencia Europea de Dereitos Fundamentais. (2019) *EU-LGBTI II, Encuesta de la UE sobre lesbianas, gays, bisexuales y transgénero de la Unión Europea*. Cuestionario recuperado de <https://fra.europa.eu/es/media/press-packs/eu-lgbti-survey>
- Biglia, B. e Cagliero, S. (2019). Abordajes y “respuestas” de las universidades catalanas frente a las violencias LGTBIQ+fóbicas. *Quaderns de Psicologia*, 21(2). doi: 10.5565/rev/qpsicologia.1532
- Bourdieu, P. (2000). *La dominación masculina*. Barcelona, España: Anagrama
- Brown, J. e Isaacs, D. (2005). *The World Cafe: Shaping our futures through conversations that matter*. Oakland, CA: Berrett-Koehler Publishers.
- Browne, K., Bakshi, L. e Lim, J. (2011). ‘It’s Something You Just Have to Ignore’: Understanding and addressing Contemporary Lesbian, Gay, Bisexual and Trans Safety Beyond Hate Crime Paradigms. *Journal of Social Policy*, 40(4), 739-756. doi: 10.1017/S0047279411000250
- Callejo, J. (2016). Buscando determinantes de la seguridad ontológica en la España de la crisis. *Política Y Sociedad*, 53(2), 381-412. 10.5209/rev\_POSO.2016.v53.n2.493
- Colmenares, A.M. e Piñero L. (2008). La investigación acción. Una herramienta metodológica heurística para la comprensión y transformación de realidades y prácticas socio-educativas. *Laurus*, 14(27), 96-114. Disponible en <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=76111892006>
- Creswell, J. (2005). *Educational research: Planning, conducting, and evaluating quantitative and qualitative research*. Upper Saddle River, NJ: Pearson Education.
- Elliott, J. (1993). *El cambio educativo desde la Investigación-Acción*. Madrid, España: Ediciones Morata.

- Fernández, L. (2018). *Hacia mundos más animales: una crítica al binarismo ontológico desde los cuerpos no humanos*. Madrid, España: Ochodoscuatro Ediciones.
- Fox, C. e Ore, T. (2010). (Un) Covering Normalized Gender and Race Subjectivities in LGBT "Safe Spaces". *Feminist Studies*, 36(3), 629-649. doi: 10.2307/27919125
- Galoppe, R. A. (2012). Espacios queer: Hacia una dinámica de visibilidad e integración. *El hilo de la fábula*, 11, 186-197.
- Giddens, A. (1991). *Modernity and Self-Identity: Self and Society in the Late Modern Age*. Cambridge, England: Polity Press
- GLSEN. (2016) *Kit Espacio Seguro: Guía para Ser un/a Aliado/a de Estudiantes LGBT*. Recuperado de [http://www.glsen.org/sites/default/files/GLSEN Kit Espacio Seguro.pdf](http://www.glsen.org/sites/default/files/GLSEN%20Kit%20Espacio%20Seguro.pdf)
- Hanhardt, C.B. (2013). *Safe space - Gay neighborhood history and the politics of violence*. Duke University Press, Durham, NC.
- Hartal, G. (2018). Fragile subjectivities: constructing queer safe spaces. *Social & Cultural Geography*, 19(8), 1053-1072. doi: 10.1080/14649365.2017.1335877
- Hernández-Sampieri, R., Fernández, C., e Baptista, P. (2014). *Metodología de la investigación*. México D.F., México: McGraw-Hill
- Kaufman, M. (1989). *Hombres, placer, poder y cambio*. Santo Domingo, República Dominicana: CIPAF
- Kemmis, S. e McTaggart, R. (1992). *Cómo planificar la investigación acción*. Barcelona, España: Laertes.
- Kenney M. R. (2001). *Mapping Gay L.A.: The Intersection of Place and Politics*. Philadelphia, USA: Temple University Press
- Koskela, H. (1997). 'Bold Walk and Breakings': Women's spatial confidence versus fear of violence. *Gender, Place and Culture : A Journal of Feminist Geography*, 4(3), 301-320. 10.1080/09663699725369
- Latorre, A. (2007). *La investigación- acción. Conocer y cambiar la práctica educativa*. Barcelona, España: Grao.
- LGBT Foundation. (2018). *Ethical research: good practice guide to researching LGBT communities and issues*. Recuperado de <http://lgbt.foundation/downloads/EthicsGuide>
- Löhr, K., Weinhardt, M. e Sieber, S.(2020). The "World Cafe" as a Participatory Method for Collecting Qualitative Data. *International Journal of Qualitative Methods*, 19, 1-15. doi:10.1177/1609406920916976
- Martínez, M. (2004). *Ciencia y arte en la metodología cualitativa*. México D.F, México: Trillas

- McKernan, J. (2001). *Investigación-Acción y Currículum*. Madrid, España: Ediciones Morata.
- Meyer, I.H. (1995). Minority stress and mental health in gay men. *Journal of Health and Social Behaviour*, 36, 38-56. doi:10.2307/2137286
- Michaelson, M. T. (2008). Inclusion and Social Justice for Gay, Lesbian, Bisexual, and Transgender Members of the Learning Community in Queensland State Schools. *Australian Journal of Guidance and Counselling*, 18(1), 76-83. 10.1375/ajgc.18.1.76
- Ministerio do Interior. (2013). *Informe sobre la evolución de los delitos de odio en España*. Recuperado de <http://www.interior.gob.es/gl/web/servicios-al-ciudadano/delitos-de-odio/estadisticas>
- Ministerio do Interior. (2019). *Informe de la evolución de los delitos de odio en España*. Recuperado de <http://www.interior.gob.es/gl/web/servicios-al-ciudadano/delitos-de-odio/estadisticas>
- Ministerio do Interior. (2020). *Informe sobre la evolución de los delitos de odio en España*. Recuperado de <http://www.interior.gob.es/gl/web/servicios-al-ciudadano/delitos-de-odio/estadisticas>
- Ministerio do Interior. (2021). *Informe de la encuesta sobre delitos de odio*. Recuperado de <http://www.interior.gob.es/documents/642012/13622471/>
- National LGBT Health Education Center. (2017). *Preguntas sobre orientación sexual e identidad de género*. Recuperado de <https://www.lgbtqihealtheducation.org/uploads>
- Organization for Security and Co-operation in Europe Ministerial Council. (2003). Decision n° 4/03 Tolerance and non-discrimination. Recuperado de <https://www.osce.org/mc/19382>
- Sandín, M.P. (2003) *Investigación cualitativa en educación. Fundamentos y tradiciones*. Madrid, España: McGraw-Hill
- Stengel, B. (2010). The Complex Case of Fear and Safe Space. *Studies in Philosophy and Education* 29(6), 523-540
- Stringer, E. (1999). *Action Research*. Thousand Oaks, California: Sage.
- The Roestone Collective. (2014). Safe Space: Towards a Reconceptualization. *Antipode* 46(5), 1346–1365. doi: 10.1111/anti.12089
- Tshilongo, T. e Rothmann, J. (2019). A sociological exploration of the need for safe spaces for lesbian and gay students on a South African university campus. *Transformation in Higher Education* 4(0), 1-12. doi: 10.4102/the.v4i0.77

Tyner, J. A. (2012). *Space, place, and violence: violence and the embodied geographies of race, sex and gender*. New York, USA: Routledge

Wittig, M. (2006). *El pensamiento heterosexual y otros ensayos*. Barcelona, España: EGALES.



## 9. ANEXOS

### 1. Formulario en Google Forms.

Preséntase a continuación o texto do formulario difundido en Google Forms a través do seguinte [enlace](#):

#### Activismos LGBTIQ e Espazos Seguros

Grazas polo teu interese en participar no espazo grupal sobre activismos LGBTIQ e espazos seguros que estou a promover, parte dun traballo académico de investigación que ten por obxectivos, entre outros:

- .-Explorar o proceso de creación de espazos seguros para as persoas LGBTIQ no ámbito dos activismos galegos.
- .- Caracterizar que é para os activismos LGBTIQ un espazo seguro e libre de violencias.
- .- Recoller ideas dende as que abrir un proceso participativo de definición das características que debe cumprir un espazo para ser considerado seguro por parte dos activismos LGBTIQ na Galiza.

Para afondar neste tema facilitarei unha sesión en liña a través de ZOOM o próximo venres 3 de xuño, de 18.00 a 20.00 h. Uns días antes compartirei por correo electrónico o enlace para acceder á sala virtual.

A información recadada no seguinte cuestionario será utilizada como guía para que este espazo grupal conte coa maior diversidade de voces posibles, incorporando unha multitude de puntos de vista e vivencias. As respostas serán confidenciais e non será compartidas en ningún caso con terceiras persoas.

Grazas de novo polo interese!

Martín V. Añel  
martin.anel@udc.es

.- Correo electrónico:

.- Cantos anos tes:

.- Con que sexo fuches asignade ao nacer:

- Feminino
- Masculino
- Intersex
- Preferiría non responder

.- Identificaste como unha persoa trans\*?

- Si
- Non
- Preferiría non responder

.- Cal(es) das seguintes categorías describe mellor a túa identidade de xénero?

- Axénero
- Genderqueer ou de xénero fluído
- Home
- Persoa non binaria
- Muller
- Preferiría non responder
- Outro:

.- Cal(es) das seguintes categorías describe mellor a túa orientación sexual?

- Arromántica / asexual
- Bisexual / pansexual
- Gai
- Lesbiana
- Heterosexual
- Preferiría non responder
- Outro:

.- Tes algunha necesidade ou petición de cara á túa participación no espazo grupal?:

Mil grazas polo interese!

## 2. Vídeo para a difusión da sesión en liña e convite á participación.

Vídeo de elaboración propia, compartido e difundido nas redes sociais persoais do investigador. O seu visionado é posible a través dos seguintes enlaces a [Facebook](#), [Twitter](#) e [Instagram](#).



### 3. Transcrición da posta en común das conclusións do traballo en grupos reducidos durante o Café do Mundo.

Por cuestións de anonimato e ética deste proceso de investigación (tal e como aparece no apartado de deseño metodolóxico), os nomes das persoas facilitadoras de cada un dos grupos de traballo do Café do Mundo aparecerán codificados como F01, F02 e F03, e así algunhas das participantes con intervencións nesta posta en común, P01, P02, P03, etc.

Investigador: (...) Eu agora si que lle pediría a F01, a F02 e a F03 pois que nos contedes cada un en 10 minutos pois que... Cal foi o fio? Que condicións, interaccións e posibilidades compartíchedes co resto de persoas e como podemos con isto, entender un pouco mellor que son os espazos seguros LGBT, que ten que pasar en eles, que posibilidades nos abren, si? Quen quere empezar?

(silencio) F01, te animas?

F01: Vale, pois na primeira pregunta (“Cales son as condicións que debe cumprir un espazo seguro LGBT?”) as ideas que saíron foron: Que sexan ambientes distendidos, non formais, para que sexan máis dinámicos, para que esteamos máis á vontade; que sexan grupos reducidos, para que as persoas tímidas non estean tan abrumadas ou para sentirmos máis seguros. Que tivesen lugar en centros sociais, bueno, en centros sociais abertos, onde esteamos acostumbrados a ir, voltar (...) e que os consideremos un pouco o noso fogar (xesto de comiñas coas mans).

Habitados por xente diversa. Ter en conta, isto que falabamos no grupo grande, que a maioría das asociacións están formadas por homes cis gais, e que entón, ao mellor, ese colectivo ten que estar máis atento ás outras para facilitarlles máis a palabra e todo iso...

Eh, tamén, relacionado con isto, noutro grupo tamén se falou de que o colectivo bisexual acostuma a sentirse un pouco xulgado e un pouco co síndrome do impostor nestes colectivos, no colectivo LGBT e pareceume moi interesante porque eu non o tiña pensado e ten sentido.

Estar atentes e ter en consideración a todas as persoas... así, se vemos a unha persoa que é moi tímida, pois ollo en ela, preguntarlle, tirarlle un pouquiño da lingua e que se solte. Asumir as problemáticas dunha forma máis xeral, isto é: eu como muller lesbiana, ou eu coma home cis gai, a miña problemática é... Non. A problemática aquí é un problema de estrutura social, é un problema de educación social, que afecta a moitas realidades. E que o colectivo LGBT debería ser máis inclusivo co tema... (dubida) capacitista. Creo que nos deberíamos ser os máis inclusivos e deberíamos aprender por exemplo a linguaxe de signos ou cousas así.

Na segunda pregunta (“Que tipo de interaccións son as desexables nun espazo seguro?”) é fundamental aprender a interactuar con sensibilidade... con sensibilidade ante todas as realidades. E que como non é algo co que nacemos pois estar dispostos a aprender, a adquirir esa sensibilidade, non?. Traballar tamén o anticapacitismo, o antirracismo, a resolución de conflitos, habilidades de

comunicación. Incluír as crianzas e as persoas maiores nestes espazos, e acceder ás interaccións con humildade, porque igual algunhas realidades non son tan coñecidas para nós, entón preguntar con humildade, cunha vontade sincera de achegarme a ti... e bueno, creo que iso era importante.

Despois, na terceira pregunta (“Que posibilidades abren ás persoas LGBT os espazos seguros?”), un espazo para validarnos, que sexa un reforzo para o autoconcepto, para a autoestima, no que sentir liberdade de expresión. Que sexa un lugar de asistencia, para sentirmos menos illados. Decidir, que tamén este espazo sexa unha forma de adquirir un criterio para decidir con quen me relaciono, é dicir, que funcione como un lugar no que eu poida sentirme libre, e despois fóra escoller persoas coas que me poida sentir así, e non aceptar calquera cousa. Un lugar no que podo ser, sentir que existo, que son tanxible, e no caso, como comentei, ter esa sensibilidade con todas as realidades, preguntar... porque por exemplo xurdiu este caso da bisexualidade, a min iluminoume bastante... Non era consciente do que realmente, unha persoa bisexual por exemplo, unha muller bisexual que nese momento estea vinculada a un home, pode ser xulgada no colectivo LGBT por estar indo aí como... sen ter unha relación cunha persoa do seu mesmo sexo. Entón esa persoa vai sentir unha especie de síndrome de impostora no seu propio colectivo. Exa.

Investigador: Moitas grazas F01 por este esforzo de síntese que sei que é imposible. Eu de feito, a ti, a F02 e a F03, se tomáchedes notas en papel ou en dixital, se agora cando rematemos vos queredes dar como dous minutos para reler e completar con algo que falte e despois mandarmas, eu agradézovolo moito. Pero vaia, moitas grazas a ti F01 por resumilo tan ben... e grazas a todas porque ao final nestas conclusións están as ideas de todas aí.

F01: Si, eu pouco aportei. Eu apuntaba.

Investigador: Bueno, na próxima temos que darnos máis tempo e facelo presencial e ter uns cafés e unhas pastas para que sexa un pouco máis lento e con outros tempos. Facémolo en Pontevedra (risas). Vale, pois F02, F03.

F02: Se queres doulle eu. Encántame que os grupos que facilitou F01 fosen tan ao concreto porque nós fomos todo o contrario, fomos moi meta. Entón comento as reflexións que sacamos... Sobre o primeiro punto, de cales son as condicións para que poida considerarse un espazo seguro, chegamos a conclusión de que un espazo non podía ser seguro, que non existen os espazos seguros así como de maneira categórica, senón que os espazos están sempre en construción e sempre hai que traballar para que sexan máis seguros.

Falamos de que, en relación con isto, para que un espazo sexa seguro debe estar sempre aberto á crítica, xa que nunca imos a coñecer as necesidades de todo o mundo e nunca imos a coñecer as realidades de todos os colectivos, das distintas existencias e polo tanto temos que estar abertas e que cando facemos algo mal, nolo digan e poder corrixilo. Polo tanto é importante o tema de estar aberta á crítica. Pero por outra parte tamén falamos de que temos que estar abertas ao erro, porque do

mesmo xeito que, precisamente como non todo o mundo coñecemos todas as realidades, podemos vulnerar a seguridade das compañeiras ou cometer algunha cuestión que sexa vista como violenta mais se estamos constantemente políceando todas as palabras, todas as expresións, todos os tonos, todas as interaccións que se dean neses espazos, deixan de ser espazos seguros. De feito, por experiencia, convértense en espazos moi violentos para todo o mundo. E sobre todo deixan de ser espazos seguros para a xente que non ten experiencia en espazos deste tipo; xente que ten outro capital cultural diferente ou xente que acaba de entrar na militancia, por exemplo. Entón, vemos importante non deixalo pasar cando se fan estas cousas pero sempre que as críticas sexan en positivo e dende a amabilidade.

Falamos de que sexan, mesturando tamén distintas preguntas, de que sexan espazos de escoita, nos que a xente poida expresarse de maneira asertiva, que poida expresar as súas necesidades e que poida expresar as súas emocións. Falamos de que hai xente que vive as cousas con máis intensidade, con máis emocionalidade e que tamén debemos ser conscientes disto e ter coidados cara estas persoas, porque igual algo que a nós non nos afecta a outras persoas aféctalles máis.

Falamos de que os espazos seguros van a depender de quen os conforme e das necesidades que teña para ser seguro... ningún espazo vai a ser seguro para todo o mundo pero aparte distintos espazos compostos por distintas persoas van ter distintas necesidades. Entón, teñen que ser espazos abertos á escoita, porque, por exemplo... basicamente porque hai cuestións que non son compatibles: un espazo que sexa accesible para a xente que ten crianzas vai ser rara vez accesible para xente que estuda ata as oito da tarde, porque o solapamento horario é pequeno. Xente que ten distintas necesidades... entón por iso pareceunos importante unha escoita activa das necesidades de cada quen e tamén xerar espazos nos cales se poidan facer interseccións entre distintos colectivos. Igual, nun mesmo espazo, para que sexa seguro para unhas, nunca vai poder asistir outra xente pero se os espazos son diversos... por exemplo, se se fan unhas assembleas en centros sociais, outras assembleas en espazos abertos, en parques, outras assembleas alternando horarios ou alternando tipos de actividades... Falamos da necesidade de espazos de ocio, simplemente de lecer, porque ao final xeran comunidade, xeran sentimento de pertenza, e iso facilita que poidas comunicarte asertivamente, comunicar as túas emocións.

Necesitan de ferramentas para resolver os conflitos, e que se comuniquen a todas as persoas que acceden ao espazo. É difícil que alguén transmita de maneira positiva e amable que se acaba de sentir violentada se non sabe que o espazo está aberto a esa crítica e vai a traballar para solventar o problema que está sinalando.

Falamos de moitísimas cousas que non me dá tempo de comentar en dez minutos así que paso xa ao último punto de que posibilidades abren. Falamos de que partillar espazos con persoas diversas, que teñen distintas experiencias e distintas necesidades e distintas casuísticas serve como espazo de aprendizaxe. Ao final é un espazo de crecemento persoal e tamén de poñer en contexto as túas cousas e en perspectiva. Pero tamén falamos que partillar espazos con persoas que teñen as mesmas vivencias ca nos tamén é super útil, porque ao ver as túas vivencias

reflexadas noutras persoas tamén... entendemos mellor como funcionan os sistemas que causan estas violencias. É máis fácil ver que son sistémicas e non individuais, e tamen aprendes como estas outras persoas reacciona a estas violencias co que podes gañar ferramentas ou gañar maiores competencias para afrontar o mundo e as violencias que sufrimos. E basicamente falamos de que estes espazos serven para poder ser unha mesma e para poder construír a túa propia personalidade de maneira libre, non vinculada ao que (risas) se espera de ti en espazos máis hexemónicos ou nos cales vai ser castigada a túa identidade diverxente e sobre todo, pois como punto final, espazos nos que poidamos ser vulnerables, nos que poidamos tirar os muros, tirar os valados, e isto implica pois moitas cousas: non soamente ser nós mesmas senón tamén expresar as nosas opinións, as nosas ideas, as nosas emocións, os nosos medos libremente, e que nun espazo non seguro, ou menos seguro, non seríamos capaces de expresalas.

Isto sería máis ou menos o resumo.

Investigador: Moitas grazas F02. Moitas grazas a todas por achegar todas esas ideas. F03?

F03: Ola, boas. Nós, creo que me tocou a min a parte na que nós, fixemos unha viaxe un pouco onírica, fomos por aí polos Ancares por diante. E nada, empezamos a divagar un pouco e na primeira rolda falamos de que os espazos debían de ser libres de machismo, entendendo como machismo que no colectivo vimos de xeracións... aínda que as nosas nais sexan abertas veñen cunha connotación cultural impregnada de por si, que calou en nos, no colectivo temos que facernos unha autorrevisión porque repetimos patróns machistas. Ese machismo nótase moito dentro do colectivo, porque predomina máis o G do LGTBI que o resto das siglas.

Tamén falamos de, nesta primeira rolda, falabamos de homofobia, de que esa homofobia estaba impregnada en machismo. Teño que cambiar homofobia por LGBTIfobia, debido á segunda rolda, na que me fixeron cambiar esta perspectiva, ao entrar máis tarde.

Consideramos que non hay espazos seguros, que os que hai están ceñidos a barrios, a zonas, e que debemos construír espazos seguros fóra dos... dos guetos. Tamén temos que chegar a outro tipo de rede. Non podemos buscar a integración autoexcluíndonos deses espazos. Temos que crear eses espazos seguros que cheguen a máis sitios. Se imos por Madrid, era o caso que poñamos, Madrid Chueca, entón ti vas pola Gran Vía, cruzas de acera e estas en Chueca, un mundo diferente y tal.

Ese tipo de espazos seguros, unha compañeira da primeira rolda fíxonos ver que estaban moi mercantilizados, e que debían ser libres de mercantilismo. É dicir, entendemos por mercantilismo porque estamos fomentando que os nosos espazos seguros de ocio sexan convertidos nun circo; un circo entendido como que nós somos as bestas. Xente que vai de fóra do colectivo, que eles son moi amables co colectivo queer, que eles son moi abertos, que ao final, van a disfrutar do que para nós é o noso espazo seguro. No quiere decir que toda la gente de fuera del colectivo

que va a nuestros espacios sea así pero creo que la tendencia es así y comentaba el caso de Arena Barcelona.

Bueno, veis que yo cambio de galego a castelán indistintamente. Non, máis que nada porque é como aprendín co avó, así que para facerme entender con el, o galego normativo foi a tomar polo cú.

A nivel galego non existen estruturas políticas para crear espazos seguros; non as hai; non hai esa base nin esas ferramentas que nos permitan crealos. A nivel educativo hai un abandono absoluto da diversidade, non existe nada que nos poida axudar e cremos que crear espazos seguros ten que estar fundamentado e baseado na educación. Hai que partir da educación para crear eses novos espazos seguros, senón estamos condenados a repetir erros.

Na segunda intervención aí xa nos fomos de madre e ao mellor teño que dar paso a P06 e P07 para que me complementen, porque pouco anotei a verdade...

Investigador: Non pasa nada...

F03: Eh...Cremos que non poden estar condutas, dentro deses espazos, condutas que reproduzan o machismo interiorizado, o racismo, a xenofobia e demais aspectos que poden facer que os espazos rompan de por si. Eliminar os estereotipos. Dar espazo (...) á equivocación, para poder mellorar como tratarnos entre nós. Ese primeiro momento de: preséntome, falamos, temos relación, pero según como ti transmitas a información ou como eu a reciba pode... vale, teño que cambiar o chip; vale, teño que falar doutra maneira. Adaptarme a que o meu espazo vital de seguridade non interfira no outro. Pero vaia, xa digo que logo P06 e P07 que me boten unha man, porque creo que... algo apuntei por aí.

Avogar pola empatía. Teño aquí apuntado, e que non sei moito se era isto... actitudes policiais dentro do colectivo... Creo que era referíndonos á forma de tratarnos ou así. Cambiar os termos homofobia, porque interiorizamos que homofobia é solo para o G. Cambiar por LGBTIfobia e utilizar, porque non hai, nos estudos que hai ata agora, están enfocados soamente a unha parte do espectro, e o espectro é moi amplo. E por iso digo, que na primeira falabamos de homofobia, por iso teño que facer a contrición de dicir LGBTIfobia. É un espazo libre de misoxinia.

E na terceira parte centrámonos máis en que os espazos deben destruír a soidade, entendendo a soidade como a soidade imposta pola sociedade, polo ambiente, pola cultura, pola cidade, polo cosmos que nos rodea. Como a soidade interna; crear aquí unha rede que permita evitar caer no abismo desta soidade, que afecta sobre todo ás persoas maiores... centrámonos moito nas persoas maiores e como están chegando a esa parte da súa vida que, se para unha persoa cis hetero cóstalle cando perde a súa parella, máis aínda cando estamos a falar de persoas do colectivo LGBTI que están chegando aos 70, 80 anos, que teñen pasado de unha... que eles non tiveron as nosas posibilidades de crear espazos seguros porque xa veñen connotados dunha dictadura férrea. Entón están chegando a ese espazo de soidade incluso nas residencias e demais.



Falamos do termo de tecer redes, en referencia a buscar esos apoios que nos permitan sobrevivir, pero estamos xa falando de tecer redes tanto en horizontal como en vertical; cosendo digamos, esa rede en vertical, cosendo o interxeracional e de tal maneira que... creo que era eu o que o apuntaba... que o pensamento humano é cíclico e as actuacións son cíclicas entón, o que nós estamos vivindo agora vaise repetir x anos no futuro... entón debemos aprender de que os nosos erros, para poder... ou sexa, aprender dos nosos maiores e tamén que os nosos xovenes aporten novas ideas, novos cambios, para esa rede tanto en vertical como horizontal, poida ser un espazo seguro no que eu poida falar tranquilamente do que penso, do que sinto, co apoio... vamos, familiar, entendendo familiar como colectivo. Pouco máis... Cedo a segunda parte a P06 e P07...

Investigador:... pero agora F03, eu se non entendín mal, agora estabas... estas últimas ideas tiñan que ver coa terceira pregunta, coas posibilidades, non?

F03: Si, isto era da terceira pregunta... O que falamos de destruír a soidade, o interxeracional, e crear esas redes e o que ós enfocamos nesa conversa de como debería ser o espazo seguro.

Investigador: Vale... eu abro, máis aló de P06 e P07, eu abro ao resto, se hai algunha idea... creo que as facilitadoras recolleron moitísima información e creo que está aí practicamente todo, non? Pero se hai algunha cousa que vos chamou moito a atención e quedáchedes cunha palabra ou algo que agora non se compartiu... algunha de vós quere completar?

P06: Xa... estabamos aquí falando... Realmente, está ben o que se dixo... recolleuno F01, porque nós primeiro falamos con el, porque nós somos unhas afectadas dos réximes policiais que as veces existen nos espazos seguros. Iso pareceume moi interesante e creo que o repetín todo o tempo (risas)...

P07: Eu tamén...

Investigador: Si, pois grazas porque é unha idea nova por exemplo para min... Aínda que son consciente, nos traballos que estou revisando normalmente non se centran tanto neste tema, nesta cuestión da compaixón, de estar abertos ao erro das demais, a miralo con... que sexan espazos agarimosos e de entender tamén que non todas vimos do mesmo nin temos o mesmo capital cultural, como dicía antes F01, nin temos feito o mesmo traballo interno de deconstrución e demais...

P03: Eu quería... un segundín nada máis... Quería aportar tamén a revisión de cando nós somos os policías tamén, que creo que iso tamén é importante. Todas as persoas non estamos libres de ter unha mirada crítica e facelo dende un espazo de coidado, non? Entón é importante tamén non soamente dar espazos para outras persoas pero si que nós tamén temos que revisar... que comentario fago? como é a miña expresión corporal cando algo me molesta? E... pois creo que é importante tamén aí ser conscientes diso.

Investigador: Si, moitas grazas P03... e que posiblemente sexan roles, non? Que a momentos estaremos nun e a outros estaremos noutro... entón polo menos poñer consciencia neles para polo menos ser capaces de relacionarnos dende esta amabilidade que saía antes.

(...)